



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Xoves, 24 de setembro de 2009
Taxa 0,94 € (IVE incluído)

SUMARIO

Páxs.

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DO MAR

- Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 211/1999, do 17 de xuño, polo que se regula a pesca marítima de recreo. 15.238

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Orde do 16 de setembro de 2009 pola que se dispón o cesamento dun vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e a súa ría. 15.246

Páxs.**b) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DO MAR**

- Orde do 16 de setembro de 2009 pola que se dispón a renovación dun vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e a súa ría. 15.247
- Orde do 16 de setembro de 2009 pola que se dispón o nomeamento de vogal en representación da Administración xeral do Estado no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e a súa ría. 15.247

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Orde do 31 de agosto de 2009 pola que se declara de interese galego a *Fundación Inade, Instituto Atlántico del Seguro*, e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. 15.247

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se resolve a convocatoria de subvencións a proxectos de accións de investigación-acción que teñan relación co esforzo global anti-VIH/SIDA en Galicia. 15.248

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Corrección de erros.-Orde do 26 de agosto de 2009 pola que se homologa o contrato tipo de compravenda de uva para a súa transformación en viño da denominación de orixe Rías Baixas para as campañas 2009, 2010 e 2011. 15.251

INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA

- Resolución do 5 de agosto de 2009 de delegación de funcións na directora deste instituto. 15.251

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Orde do 10 de setembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria de provisión, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde do 20 de xullo de 2009. 15.251

Páxs.

- Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se modifica a composición do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de auxiliar de informática. 15.252

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Resolución do 1 de setembro de 2009 pola que se convoca concurso público para a provisión de prazas de profesor contratado doutor (CD929). 15.252

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DO CARBALLIÑO**

- Edicto (104/2007). 15.257

VI. ANUNCIOS**a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Resolución do 23 de setembro de 2009 pola que se convoca poxa para o alleamento de 20 vehículos. 15.258

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Resolución do 2 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 272/2009, interposto pola Confederación Intersindical Galega. 15.262
- Resolución do 2 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 274/2009, interposto por Alejandro Castro Docampo e tres máis. 15.262

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS			
— Resolución do 3 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo 7288/2009, contra a Resolución do 15 de xullo de 2008, da Dirección Xeral de Urbanismo, sobre aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisan ocupar para a execución do polígono B-1 do solo residencial de Valdecorvos (Pontevedra).	15.262	— Resolución do 30 de xullo de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Cambados. (Expediente IN407A 09/365-4).	15.268
— Cédula do 1 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se notifican as resolucións ditas nos recursos interpostos contra as resolucións dos expedientes sancionadores en materia de transportes devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar. (Expediente PO-03282-I-2005 e nove máis).	15.263	— Resolución do 30 de xullo de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Sanxenxo. (Expediente IN407A 09/378-4).	15.269
— Cédula do 1 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se notifican as resolucións ditas nos recursos interpostos contra as resolucións dos expedientes sancionadores en materia de transportes devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar. (Expediente PO-00005-I-2005 e dez máis).	15.264	— Resolución do 30 de xullo de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Pontevedra. (Expediente IN407A 09/428-4).	15.269
		— Resolución do 30 de xullo de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Lalín. (Expediente IN407A 09/476-4).	15.270
		— Resolución do 30 de xullo de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello do Rosal. (Expediente IN407A 09/477-4).	15.270
		— Resolución do 30 de xullo de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Vigo. (Expediente IN407A 09/478-4).	15.271
		— Resolución do 6 de agosto de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Vilagarcía de Arousa. (Expediente IN407A 09/507-4).	15.271
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA		— Resolución do 6 de agosto de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Pontevedra. (Expediente IN407A 09/511-4).	15.272
— Resolución do 29 de xullo de 2009 pola que se autorizan as instalacións electromecánicas, se aproba o modificado do proxecto de execución, e se reconece a condición de instalación acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica, das instalacións do modificado de proxecto do parque eólico singular de Arteixo promovido polo Concello de Arteixo (A Coruña), e se declara a compatibilidade do parque eólico singular co dereito mineiro Virgen de la Estrella e demasía número 5615. (Expediente IN661A 12/03).	15.265		

- | | <u>Páxs.</u> |
|--|--------------|
| — Resolución do 1 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Tomiño. (Expediente IN407A 07/518-4). | 15.272 |
| — Resolución do 11 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Vilalba. (Expediente IN407A 09/8-2, 7452 A.T.). | 15.273 |

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- | | |
|---|--------|
| — Cédula do 21 de agosto de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se notifica o levantamento da suspensión e o trámite de audiencia do expediente sancionador na orde social 434/2006. | 15.273 |
| — Edicto do 26 de agosto de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se notifica a proposta de resolución do expediente sancionador por infracción en materia de servizos sociais. | 15.273 |

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- | | |
|--|--------|
| — Anuncio do 25 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se empraiza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente PO-APP-2008-0029. | 15.274 |
| — Anuncio do 25 de agosto de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se empraiza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente LU-PES-2009/77. | 15.274 |
| — Anuncio do 27 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se empraiza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente CO-APP-2008-0043. | 15.275 |
| — Anuncio do 27 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se empraiza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente PO-PAD-2008-0021. | 15.275 |

- | | <u>Páxs.</u> |
|---|--------------|
| — Anuncio do 1 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se empraiza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente 09.DT.36.00063, competencia desta consellería. | 15.275 |

CONSELLERÍA DO MAR

- | | |
|--|--------|
| — Cédula do 2 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de recursos de alzada de expedientes sancionadores (PESAN1 2008/001108-1 e seis máis). | 15.276 |
| — Cédula do 2 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha notificación de incoación e trámite de audiencia do expediente sancionador PESAN1 2009/001135-1. | 15.276 |

AUGAS DE GALICIA

- | | |
|---|--------|
| — Resolución do 18 de setembro de 2009 pola que se corríxen os erros da Resolución do 18 de agosto de 2009 pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do servizo consistente no desenvolvemento e execución do Plan de control de verteduras de Augas de Galicia. | 15.277 |
|---|--------|

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- | | |
|---|--------|
| — Cédula do 7 de setembro de 2009 pola que se notifica a resolución de incoación de expediente sancionador por infracción urbanística derivada do expediente 107 C 2009/26-0, devolta polo servizo de correos por resultar o seu destinatario ausente na repartición. | 15.277 |
| — Cédula do 9 de setembro de 2009 pola que se notifica a declaración de caducidade de expediente sancionador por infracción urbanística 107 C 2008/6-0, devolta polo servizo de correos por resultar o seu destinatario ausente na repartición. | 15.278 |

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE AMES

- | | |
|-----------|--------|
| — Edicto. | 15.278 |
| — Edicto. | 15.278 |

	<u>Páxs.</u>
CONCELLO DO BOLO	
— Anuncio de licitación.	15.278
CONCELLO DE LUGO	
— Anuncio.	15.279
CONCELLO DE NIGRÁN	
— Anuncio da convocatoria de catro prazas de peón en réxime de persoal laboral fixo.	15.279
— Anuncio.	15.280

	<u>Páxs.</u>
CONCELLO DE OURENSE	
— Anuncio de información pública de actividades suxeitas a avaliación de incidencia ambiental.	15.280
CONCELLO DA PONTENOVA	
— Anuncio.	15.280
CONCELLO DE SILLEDA	
— Anuncio.	15.280
— Anuncio.	15.280



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA****EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN****Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza**

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70 - 881 99 90 15

Fax: 981 54 42 72

<http://www.xunta.es>Correo electrónico: dog@xunta.es

INSS 1130-9229

Depósito legal C. 73-1982

IMPRIME*La Voz de Galicia*, S.A.Avda. da Prensa, 84-85. Polígono Industrial de Sabón
15142 Arteixo (A Coruña)

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 211/1999, do 17 de xuño, polo que se regula a pesca marítima de recreo.

O Decreto 211/1999, do 17 de xuño, regula a pesca marítima de recreo. Nel establécense tanto condicións para o exercicio desta actividade de carácter recreativo como as modalidades de licenza e as autorizacións necesarias para a súa práctica.

A Orde do 13 de agosto de 1999, pola que se desenvolve o Decreto 211/1999, do 11 de xuño, foi anulada pola sentenza do 30 de setembro do 2003, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; esta resolución xudicial foi confirmada en casación pola sentenza do 30 de maio de 2006, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo.

Esta orde dítase coa finalidade de desenvolver determinados aspectos do referido decreto que, pola súa especificidade ou polo seu carácter conxuntural, resulta máis oportuno remitir á unha regulación posterior. Por outra banda, búscase unha simplificación administrativa do procedemento de concesión das licenzas, tendo en conta o regulado no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos.

En concreto, é obxecto desta orde regular o procedemento para a obtención e renovación das distintas modalidades de licenza que habilitan para a práctica da pesca marítima recreativa, así como o procedemento para a obtención das autorizacións temporais das embarcacións da lista 6ª do Rexistro de matrícula de buques, as autorizacións para a celebración de concursos e competicións deportivas, así como a validación das licenzas procedentes doutras comunidades autónomas ou doutros estados membros.

Así mesmo, establécense os topes máximos de captura aos que habilitan as distintas modalidades de licenza ou autorización, os útiles de pesca, as zonas nas que está prohibido o exercicio da pesca recreativa submariña, así como o horario da pesca marítima de recreo. Estas limitacións obedecen a medidas de protección dos recursos mariños, necesariamente variables en función do seu estado de conservación ou explotación, polo que deben incardinarse nunha norma susceptible de ser modificada coa suficiente inmediatez para adaptarse ás circunstancias do medio sen menoscabo das necesarias garantías xurídicas.

En consecuencia, en virtude do disposto na disposición derradeira primeira do Decreto 211/1999, do 17 de xuño, e consultado o sector,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é regular o procedemento para a obtención e renovación das distintas modali-

dades de licenza que habilitan para a práctica da pesca marítima de recreo, así como o procedemento para a obtención das autorizacións das embarcacións da lista 6ª do Rexistro de matrícula de buques e a validación das licenzas de pesca submariña concedidas por outras comunidades autónomas ou por outros estados membros. Así mesmo, determina as zonas nas que está prohibido o exercicio da pesca marítima de recreo submariña, os topes máximos de captura autorizados e certas condicións relativas ás autorizacións para a celebración de concursos e competicións deportivas.

Artigo 2º.-*Órgano competente para a expedición e renovación da licenza de pesca marítima de recreo.*

A expedición e renovación das licenzas reguladas nesta orde correspóndelle ás xefaturas territoriais dos departamentos territoriais da consellería con competencias en materia de pesca.

Artigo 3º.-*Documentación necesaria para a obtención ou renovación da licenza de pesca marítima de recreo.*

Para a obtención ou renovación da licenza marítima de recreo será necesario presentar a seguinte documentación, de acordo coas modalidades que se definen no Decreto 211/1999, do 17 de xuño:

a) Para a licenza de pesca marítima de recreo en superficie:

-DNI, pasaporte, ou autorización para a súa consulta.

-Xustificante do pagamento da correspondente taxa.

b) Para a licenza de pesca marítima de recreo submariña:

-DNI, pasaporte, ou autorización para a súa consulta.

-Certificado médico oficial que acredite a aptitude para a práctica da pesca submariña. Os certificados médicos que cumpran os requisitos do artigo 25 da Orde do 14 de outubro de 1997 pola que se aproban as normas de seguridade para o exercicio de actividades subacuáticas terán unha validez de dous anos. O resto dos certificados médicos considerárase que terán unha validez dun ano desde a data de emisión.

-Póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil que cobra os accidentes en que puidese incorrer o titular da licenza durante o período da súa validez.

-Licenza de armas ou tarxeta federativa que a substitúa.

-Xustificante do pagamento da correspondente taxa.

-Documento que acredite o consentimento paterno, materno ou titorial cando o solicitante sexa menor de idade non emancipado.

Artigo 4º.-*Presentación da solicitude de obtención ou renovación da licenza de pesca marítima de recreo.*

1. As solicitudes de obtención ou renovación da licenza de pesca marítima en superficie poderán presentarse, á elección da persoa solicitante, por vía escrita ou por vía telemática da seguinte forma:

1) Vía escrita (en soporte papel).

A persoa interesada presentará a solicitude de conformidade co modelo que figura no anexo II desta orde, xunto cos documentos sinalados no artigo 3.a), nas xefaturas territoriais do departamento territorial correspondente da consellería con competencias en materia de pesca, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Tamén poderán expedirse ou renovarse as licenzas, nas entidades financeiras nas que se realice o pagamento da taxa e que subscribisen o correspondente convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para a tramitación de licenzas de pesca marítima de recreo en superficie. Neste caso unicamente será necesario a presentación do DNI ou pasaporte.

2) Vía telemática (por medios electrónicos):

Poderá accederse a esta vía de presentación a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet: <http://xunta.es/servicios>, en concreto para este procedemento <http://xunta.es/apps/1pd>, onde se disporán os medios de axuda para a presentación da solicitude e a obtención ou renovación da licenza.

O solicitante poderá acceder a este servizo para obter ou renovar a licenza empregando un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3, consono o disposto no Decreto 164/2005, do 16 de xuño (DOG do 24 de xuño) e modificado polo Decreto 38/2009, do 19 de febreiro (DOG do 3 de marzo) polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, e realizando o pagamento da taxa por algún dos procedementos habilitados.

Para a renovación da licenza poderá acceder tamén sen contar co certificado dixital, unicamente introducindo o par: número do documento de identidade e número de licenza.

2. Para as solicitudes de obtención ou renovación da licenza de pesca marítima submarina, a persoa

interesada presentará a solicitude, de conformidade co modelo que figura no anexo III desta orde, xunto cos documentos sinalados no artigo 3.b), nas xefaturas territoriais do departamento territorial correspondente da consellería con competencias en materia de pesca, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5º.-*Praza para a renovación da licenza de pesca marítima de recreo.*

A licenza de pesca marítima de recreo poderá renovarse cunha antelación mínima de dous meses antes da fin da súa vixencia.

Artigo 6º.-*Validez das licenzas en zonas de desembocadura.*

1. No exercicio da pesca nas áreas de desembocadura (límite inferior ata límite superior) establecidas no Decreto 282/2002, do 6 de setembro, polo que se establece o réxime xurídico das licenzas que habilitan para o exercicio da pesca nas augas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderase utilizar indistintamente as licenzas de pesca marítima ou fluvial.

2. Ambas licenzas habilitan, nestas zonas, para a pesca tanto das especies marítimas como das fluviais non anádromas.

Artigo 7º.-*Convalidacións.*

Para a convalidación dunha licenza de pesca de recreo submarina vixente, outorgada por outra Administración pública nacional ou dun Estado membro da Unión Europea, será necesario achegar copia da licenza expedida pola dita Administración, acompañada do xustificante de pagamento da taxa correspondente.

Artigo 8º.-*Autorizacións temporais das embarcacións da 6ª lista do Rexistro de matrícula de buques.*

1. Os titulares das embarcacións da 6ª lista do Rexistro de matrícula de buques que se dediquen ao exercicio da pesca marítima de recreo presentarán unha solicitude de conformidade co modelo que figura no anexo IV desta orde, na xefatura territorial do departamento territorial correspondente da consellería con competencias en materia de pesca, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Na solicitude para a actividade indicarán o número de persoas para as que solicitan autorización. Virá acompañada da seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou autorización de consulta.

b) Fotocopia compulsada ou autenticada notarialmente do rol da embarcación.

c) Fotocopia compulsada ou autenticada notarialmente do despacho ante Capitanía Marítima.

d) Xustificante do pagamento da taxa correspondente.

3. A expedición desta autorización correspóndelle ás xefaturas territoriais dos departamentos territoriais da consellería con competencias en materia de pesca. A súa validez será dun ano.

Artigo 9º.-Concursos, campionatos e competicións deportivas.

1. Para a celebración de concursos, campionatos e competicións deportivas de pesca recreativa, deberá solicitarse autorización como mínimo cun mes de antelación, empregando o modelo do anexo V. As solicitudes presentaranse na xefatura territorial do departamento territorial correspondente da consellería con competencias en materia de pesca, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Na solicitude farase constar como mínimo día/s, mes, hora, modalidade, duración, plano da situación da zona e normativa que rexerá o concurso, campionato ou competición, así como o número previsto de participantes. As datas previstas poderán ser no período dun ano, contado a partir da data da solicitude. Deberá acompañarse o xustificante de pagamento da taxa correspondente.

3. En todo caso, os organizadores deberán garantir o seu correcto desenvolvemento, facéndose responsables dos danos que puidesen ocasionar por incumprimento das condicións establecidas na autorización.

4. A expedición desta autorización correspóndelle ás xefaturas territoriais dos departamentos territoriais da consellería con competencias en materia de pesca.

5. A devandita autorización non exime da necesidade de contar con outras autorizacións, en especial as relacionadas coa seguranza marítima previstas no Real decreto 62/2008, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento das condicións de seguranza marítima, da navegación e da vida humana no mar aplicables ás concentracións náuticas de carácter conmemorativo e probas náutico-deportivas.

6. Unha vez celebrada a competición ou campionato, os responsables destes deberán remitir á dirección xeral con competencias en materia de pesca no prazo dun mes desde a data da súa celebración, o rexistro das capturas feitas no evento, indicando especie, número e peso. A non remisión dos ditos datos levará consigo que non se volva autorizar outro evento á mesma entidade.

Artigo 10º.-Autorización de inmersiones.

As persoas que realicen inmersiones con equipos autónomos nas zonas definidas como prohibidas no

artigo 11º e o anexo VI, deberán solicitar autorización, utilizando o modelo recollido no anexo V, cunha antelación mínima de quince días á data da realización da actividade, á xefatura territorial do departamento territorial correspondente da consellería con competencias en materia de pesca.

Artigo 11º.-Limitacións, distancias e zonas prohibidas.

1. Establécense como limitacións e distancias para a práctica da pesca marítima de recreo, nas dúas modalidades, as reguladas nos artigos 15 e 18 do Decreto 211/1999.

2. Decláranse prohibidas para a práctica da pesca de recreo submariña as zonas sinaladas no anexo VI.

Artigo 12º.-Especies e topes de captura.

1. A licenza para a práctica da pesca marítima de recreo só habilita para a captura de cefalópodos e peixes, agás a anguía, debendo, en todo caso, respectar as épocas de extracción e tamaños que regulamentariamente se establezan.

2. Segundo o disposto no artigo 30.9º da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, está prohibido pescar salmóns e reos nas rías e augas marítimas interiores competencia da comunidade autónoma.

3. En calquera modalidade de pesca marítima de recreo poderase capturar un máximo de cinco quilogramos por licenza e día, podendo non computarse o peso dunha peza que exceda o peso do tope establecido. Só se permitirá a tenza dunha peza que exceda o peso do tope establecido. Para o caso do polbo, o límite será dúas pezas por pescador e día.

4. Se a pesca de lecer se realiza desde unha embarcación da 7ª lista do Rexistro de matrícula de buques, o máximo de capturas por licenza e día será de cinco quilogramos, cun tope máximo por embarcación e día de dezaseis quilogramos, se son máis de tres as persoas embarcadas titulares de licenza.

5. Para as embarcacións da 6ª lista do Rexistro de matrícula de buques, o máximo de capturas por persoa e día será de cinco quilogramos, podendo non computarse o peso dunha peza que exceda o peso do tope establecido. Só se permitirá a tenza dunha peza que excede o peso do tope establecido.

6. Sen prexuízo do anterior, mediante resolución da consellería con competencias en materia de pesca, poderán establecerse medidas de protección específicas para determinadas especies e/ou zonas, cando o estado da explotación do recurso así o aconselle.

7. As embarcacións non poderán pescar, almacenar, transportar, transbordar nin efectuar descargas superiores aos topes máximos de capturas sinalados

nos puntos anteriores, aínda que estas correspondan a varios días continuos de navegación.

8. Para utilizar como cebo, os titulares de licenzas de pesca marítima de recreo en superficie poderán capturar diariamente ata un total de:

-50 poliuetos, segundo as condicións establecidas no artigo 9 da Orde do 6 de febreiro de 1998 pola que se regula a extracción de poliuetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia.

-40 cangrexos en total das seguintes especies: cangrexos zapateiros (*Pachygrapsus marmoratus*) e cangrexo común (*Carcinus maenas*).

-200 g de pulgas de mar.

-100 g de camaróns, quisquillas (quedando prohibida a captura do camarón común (*Palaemon serratus*)).

Artigo 13º.-*Horario de pesca recreativa.*

1. A pesca marítima de recreo en superficie poderá realizarse durante todos os días do ano.

2. A práctica da pesca marítima de recreo submariña estará permitida unicamente os sábados, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico. No período comprendido entre o xoves e o domingo de Semana Santa, e entre o 1 de maio e o 30 de setembro poderá ser practicada todos os días.

3. A pesca marítima de recreo de superficie desde embarcación e a pesca marítima de recreo submariña, realizaranse dentro do horario diurno, comprendido entre o orto e o ocaso.

Artigo 14º.-*Artes e útiles autorizados.*

1. Na práctica da pesca marítima de recreo en superficie, unicamente se poderán utilizar por licenza:

-Dúas canas ou sedais cun máximo de seis anzós.

-Dúas poteiras.

-Dúas garabetas.

-Un gancho.

Para os efectos desta disposición os cebos artificiais considéranse como anzós.

2. Autorízase, como arte auxiliar, o emprego dun trueiro.

3. Calquera outro tipo de artes ou aparellos de pesca, diferentes aos autorizados neste artigo, serán considerados antirreglamentarios, calquera que sexan as súas medidas ou cantidades e o seu empre-

go en actividades de pesca ou tenza a bordo de embarcacións de recreo queda prohibido.

Disposición adicional

Única.-A pesca recreativa levada a cabo en zonas que contén con algún tipo de protección, tanto ambiental como pesqueira, efectuarase conforme os requisitos establecidos na normativa reguladora destas, sendo necesario, en caso de que estea permitida a dita actividade, contar coa preceptiva licenza establecida nesta orde.

Disposicións derogatorias

Primeira.-Queda derogada a Orde do 14 de xuño de 2005 pola que se regula a obtención e renovación das licenzas de pesca marítima de recreo en superficie clase A.

Segunda.-Queda derogada a disposición adicional primeira e segunda da Orde do 13 de decembro de 2006 pola que se desenvolve o Plan de recuperación do polbo e se ditan normas para a aprobación de plans zonais.

Terceira.-Quedan derogadas, así mesmo, cantas disposicións de igual ou inferior rango que se oponían a esta orde.

Disposicións derradeiras


Primeira.-Facúltase o director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños para adoptar todas as medidas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2009.

Rosa Mª Quintana Carballo
Conselleira do Mar

ANEXO I

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR	
LICENZA DE PESCA MARÍTIMA DE RECREO	NÚMERO
CLASE CADUCA DNI NOME	
Nota: a identidade do titular acreditarase co DNI, pasaporte ou CIF	



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO II

PROCEDEMENTO CONCESIÓN DE LICENZA PESCA MARÍTIMA DE RECREO EN SUPERFICIE.	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE405A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME		DNI / NIF	
ENDEREZO			
PROVINCIA E MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

SOLICITA:

A concesión / renovación da licenza para practicar a pesca marítima de recreo del tipo:

SUPERFICIE

- CONCESIÓN ANUAL
 RENOVACIÓN MENSUAL

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- DNI OU PASAPORTE (NO CASO DE NON AUTORIZAR A CONSULTA)
 XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DA TAXA.

OBSERVACIÓNS

--

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

- SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Consellería do Mar como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 211/1999, do 17 de xuño, polo que se regula a pesca marítima de recreo.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

En

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

XEFE TERRITORIAL DO DEPARTAMENTO DA CONSELLERÍA DO MAR EN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO III

PROCEDEMENTO CONCESIÓN DE LICENZA PESCA MARÍTIMA DE RECREO SUBMARINA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE405A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME		DNI / NIF	
[]			
ENDEREZO			
[]			
PROVINCIA E MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]

SOLICITA:

A concesión/renovación da licenza para practicar a pesca marítima de recreo do tipo:

Submarina para maiores de 16 anos

- | | |
|-------------------------------------|----------------------------------|
| <input type="checkbox"/> CONCESIÓN | <input type="checkbox"/> ANUAL |
| <input type="checkbox"/> RENOVACIÓN | <input type="checkbox"/> MENSUAL |
| <input type="checkbox"/> VALIDACIÓN | |

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- DNI OU PASAPORTE (NO CASO DE NON AUTORIZAR A CONSULTA).
- CERTIFICADO MÉDICO OFICIAL.
- PÓLIZA SEGURO ACCIDENTES E RESPONSABILIDADE CIVIL.
- LICENZA DE ARMAS OU TARXETA FEDERATIVA.
- XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DA TAXA.
- CONSENTIMENTO PATERNO PARA MENORES DE 18 ANOS.
- NAS VALIDACIÓNS, FOTOCOPIA DA LICENZA DOUTRA ADMINISTRACIÓN VIXENTE.

OBSERVACIÓNS

[]

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

- SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Consellería do Mar como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 211/1999, do 17 de xuño, polo que se regula a pesca marítima de recreo.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

En []

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
[]	[]
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
[]	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___

XEFE TERRITORIAL DO DEPARTAMENTO DA CONSELLERÍA DO MAR EN []



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO IV

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓNS TEMPORAIS DAS EMBARCACIÓNS DA 6ª LISTA DO REXISTRO DE MATRÍCULA DE BUQUES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE405A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME		DNI/NIF	
ENDEREZO			
PROVINCIA E MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

SOLICITA:

A concesión de autorización para practicar a pesca marítima de recreo tipo:

EN SUPERFICIE PARA TITULARES DE EMBARCACIÓNS DA 6ª LISTA

CONCESIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- DNI OU CIF DA EMBARCACIÓN (NO CASO DE NON AUTORIZAR A CONSULTA).
- DESPACHO ANTE CAPITANÍA MARÍTIMA.
- ROL DA EMBARCACIÓN.
- XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DA TAXA.

OBSERVACIÓNS

--

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Consellería do Mar como responsable do ficheiro.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 211/1999, do 17 de xuño, polo que se regula a pesca marítima de recreo.</i></p> <hr/> <p>SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>En _____</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td></td> <td>_____</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>___/___/___</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>___/___/___</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>___/___/___</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE		_____		DATA DE ENTRADA		___/___/___		DATA DE EFECTOS		___/___/___		DATA DE SAÍDA		___/___/___
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE																

	DATA DE ENTRADA																
	___/___/___																
	DATA DE EFECTOS																
	___/___/___																
	DATA DE SAÍDA																
	___/___/___																

XEFE TERRITORIAL DO DEPARTAMENTO DA CONSELLERÍA DO MAR EN _____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO V

PROCEDIMENTO PESCA MARÍTIMA DE RECREO: AUTORIZACIÓN PARA INMERSIÓN E CONCURSOS OU CAMPIONATOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE405B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME		DNI / NIF	
ENDEREZO			
PROVINCIA E MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

SOLICITA:

- AUTORIZACIÓN PARA A INMERSIÓN EN ZONA DEFINIDA COMO PROHIBIDA.
- AUTORIZACIÓN PARA CONCURSOS, CAMPIONATOS OU COMPETICIÓNS DEPORTIVAS DE PESCA RECREATIVA.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<p><u>INMERSIÓN</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> ZONA NA QUE SE VAI REALIZAR A INMERSIÓN <input type="checkbox"/> EPOCA (DÍA/MES/ANO) <input type="checkbox"/> HORARIO 	<p><u>CONCURSOS, CAMPIONATOS OU COMPETICIÓNS DE CARÁCTER RECREATIVO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> DÍA/S <input type="checkbox"/> HORAS <input type="checkbox"/> MODALIDADE <input type="checkbox"/> PLANO DA ZONA <input type="checkbox"/> Nº DE PARTICIPANTES ESTIMADO <input type="checkbox"/> COPIA DA NORMATIVA QUE REXERÁ O CONCURSO <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE PAGAMENTO DE TAXAS
--	---

OBSERVACIÓNS

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Consellería do Mar como responsable do ficheiro.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 211/1999, do 17 de xuño, polo que se regula a pesca marítima de recreo.</i></p> <p>SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>En</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA		DATA DE EFECTOS		DATA DE SAÍDA
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE								
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA								
	DATA DE EFECTOS								
	DATA DE SAÍDA								

XEFE TERRITORIAL DO DEPARTAMENTO DA CONSELLERÍA DO MAR EN

ANEXO VI

Límites inferiores para a pesca recreativa submarina

Zonas do litoral nas que está prohibida a práctica da pesca marítima de recreo submarina.

1. En todas as rías, por dentro das seguintes liñas:

-Ría de Ribadeo: entre punta da Cruz (659299, 4824720) (-7° 01.754', 43° 33.388') e Illa Pancha (658370, 4824645) (-7° 02.445', 43° 33.360').

-Ría de Viveiro: entre Punta Socastro (612356, 4841755) (-7° 36.394', 43° 43.101') e Punta Faro (614150, 4841020) (-7° 35.074', 43° 42.688').

-Ría do Barqueiro: entre Punta Almeiro (606785, 4846520) (-7° 40.492', 43° 45.724') e Punta Caba Baixa (606995, 4844780) (-7° 40.357', 43° 44.782').

-Ría de Ortigueira: entre Punta do Castro (591590, 4843780) (-7° 51.844' 43° 44.366') e Punta Espasante (595815, 4842395) (-7° 48.712', 43° 43.586').

-Ría de Ferrol: Punta Redonda (559155, 4812775) (-8° 16.212', 43° 27.815') e Punta do Vispón (559360, 4813200) (-8° 16.057', 43° 28.043').

-Ría de Ares-Betanzos: entre Punta Miranda (560105, 4807700) (-8° 15.549', 43° 25.069') e Punta Redonda (557000, 4805525) (-8° 17.856', 43° 23.908').

-Ría da Coruña: entre Dique Barrié (550825, 4801770) (-8° 22.452', 43° 21.906') e Punta Mera (552265, 4803670) (-8° 21.374', 43° 22.927').

-Ría de Corme-Laxe: Entre Punta do Chans (502010, 4790115) (-8° 58.602', 43° 15.712') e Punta Cabalo (501685, 4786500) (-8° 58.843', 43° 13.759').

-Ría de Camariñas: entre Punta Villueira (484455, 4774595) (-9° 11.553', 43° 07.317') e Punta Chorenta (483970, 4772595) (-9° 11.907', 43° 06.236').

-Ría de Corcubión: entre Punta Bardullas (478930, 4750305) (-9° 15.573', 42° 54.185') e Punta da Nasa (483050, 4751765) (-9° 12.548', 42° 54.980'); e entre Cabo Cee (485160, 4751730) (-9° 10.996', 42° 54.964') e Punta Galera (487110, 4751185) (-9° 09.562', 42° 54.672').

-Ría de Muros e Noia: entre Punta Reburdiño (496200, 4735510) (-9° 02.875' 42° 46.208') e Illa de Santa Catalina (498865, 4736975) (-9° 00.920', 42° 47.001') e entre esta última e Punta Refins do Cons (504080, 4734240) (-8° 57.095', 42° 45.522').

-Ría de Arousa: entre Punta Cabío (506695, 4715175) (-8° 55.191', 42° 35.220') e Punta Barbafeita (509005, 4713185) (-8° 53.504', 42° 34.143') e entre Punta Castelo (510450, 4708385) (-8° 52.453', 42° 31.548') e Cabeza do Mouro (509000, 4704750) (-8° 53.515', 42° 29.585').

-Ría de Pontevedra: entre Punta Santa Marina (519515, 4693680) (-8° 45.861', 42° 23.592') e Punta Chirleu (521800, 4691850) (-8° 44.199', 42° 22.600').

-Ría de Aldán: entre Punta Preguntoiro ou do Bon (514685, 4684840) (-8° 49.395', 42° 18.822') e Punta Chirleu (513505, 4682320) (-8° 50.258' 42° 17.461').

-Ría de Vigo: entre Punta Rodeira (519450, 4678640) (-8° 45.938', 42° 15.465') e a punta sur do peirao Pesqueiro do Porto de Vigo (521770, 4676070) (-8° 44.265', 42°, 14.037').

-Ría de Baiona: entre Punta Lamela (512495, 4667370) (-8° 51.012', 42° 09.384') e Punta do Boi (512335, 4664225) (-8° 51.132', 42° 07.684').

2. Na provincia de Lugo: a menos de 250 metros das illas Coelleiras, Farallóns e Anarón.

3. Na provincia da Coruña: a menos de 250 m do illote dos Aguillóns, illas Sisargas, Lobeiras e As Basoñas.

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 16 de setembro de 2009 pola que se dispón o cesamento dun vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e a súa ría.

A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Ley 62/1997, do 26 de decembro, atribúelles ás comunidades autónomas as facultades de designación e separación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias de interese do Estado situadas no seu territorio.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2002, modificado polo do 6 de xuño de 2002, faculta o titular da consellería competente en materia de portos para o exercicio das devanditas competencias.

Conforme o previsto no artigo 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, a designación e separación dos vogais dos consellos de administración deberanse facer necesariamente por proposta das administracións públicas e entidades e organismos representados no Consello de Administración, polo que, ao abeiro do disposto no artigo 40 da Lei 27/1992, e en canto órgano competente,

DISPOÑO:

O cesamento como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e a súa ría, en representación da Administración xeral do Estado, de Juan Antonio Sardina Páramo, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

b) NOMEAMENTOS**CONSELLERÍA DO MAR**

Orde do 16 de setembro de 2009 pola que se dispón a renovación dun vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e a súa ría.

A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Ley 62/1997, do 26 de decembro, atribúelles ás comunidades autónomas as facultades de designación e separación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias de interese do Estado situadas no seu territorio.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2002, modificado polo do 6 de xuño de 2002, faculta o titular da consellería competente en materia de portos para o exercicio das devanditas competencias.

Conforme o previsto no artigo 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, a designación e separación dos vogais dos consellos de administración deberanse facer necesariamente por proposta das administracións públicas e entidades e organismos representados no Consello de Administración, polo que, en canto órgano competente,

DISPOÑO:

A renovación do mandato de Julio Fernández Gayoso como vogal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e a súa ría en representación da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

Orde do 16 de setembro de 2009 pola que se dispón o nomeamento de vogal en representación da Administración xeral do Estado no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e a súa ría.

A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Ley 62/1997, do 26 de decembro, atribúelles ás comunidades autónomas as facultades de designación e separación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias de interese do Estado situadas no seu territorio.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2002, modificado polo do 6 de xuño de 2002, faculta o titular da consellería competente en

materia de portos para o exercicio das devanditas competencias.

Conforme o previsto no artigo 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, a designación e separación dos vogais dos consellos de administración deberanse facer necesariamente por proposta das administracións públicas e entidades e organismos representados no Consello de Administración, polo que, en canto órgano competente,

DISPOÑO:

O nomeamento de Juan José Vázquez Seijas como vogal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e a súa ría, en representación da Administración xeral do Estado.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

Orde do 31 de agosto de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Inade, Instituto Atlántico del Seguro, e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O 3 de agosto de 2009 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 15 de xullo de 2009 pola que se clasifica de interese para o fomento da economía de Galicia a *Fundación Inade, Instituto Atlántico del Seguro*, adscribíndoa á Consellería de Facenda, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Esta fundación, de acordo co establecido no artigo 6 dos seus estatutos, ten como obxecto o fomento da economía social e do desenvolvemento da economía produtiva de Galicia a través do coñecemento en materias da xerencia de riscos, en todas as súas fases: identificación, análise, avaliación, prevención e transferencia; financeiras e de seguros (privados e públicos) e reaseguros; a mellora na xestión empresarial no seu sentido máis amplo; o desenvolvemento da sociedade da información; e a converxencia de Galicia con outros países e comunidades autónomas en materia de xerencia de riscos financeiros e seguros.

Por iso, en virtude das competencias que me confiere o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro,

reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e segundo o establecido no artigo 5 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e no artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Declarar de interese galego a *Fundación Inade, Instituto Atlántico del Seguro*, xa que os seus estatutos cumpren as prescricións que para tal efecto sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Artigo 2º

Ordenar a inscrición da *Fundación Inade, Instituto Atlántico del Seguro*, no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Facenda, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Artigo 3º

A dita fundación queda sometida ao disposto na normativa de xeral aplicación, en especial, á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos. Tamén queda obrigada a renderlle contas anualmente ao protectorado e a xustificar, a través dunha memoria anual, o cumprimento da finalidade fundacional, así como a presentar o plan de actuación, con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o que se formula, e a solicitar as preceptivas autorizacións do protectorado.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se resolve a convocatoria de subvencións a proxectos de accións de investigación-acción que teñan relación co esforzo global anti-VIH/SIDA en Galicia.

Por Orde do 23 de marzo de 2009, da Consellería de Sanidade (DOG número 64, do 2 de abril) dítanse normas para a concesión de subvencións a proxectos de accións de investigación-acción que teñan relación co esforzo global anti VIH/SIDA en Galicia.

O artigo 9 da citada norma establece que, examinadas pola comisión de valoración as solicitudes presentadas, se procederá á súa resolución mediante orde da Consellería de Sanidade, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, facéndose constar a contía das axudas concedidas.

Na súa virtude, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.- Aprobar ou denegar os proxectos ou accións de investigación-acción dirixidos ás asociacións e corporacións locais que se recollen no anexo desta orde, así como adxudicarlles as contías que se determinen nel.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2009.

María del Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Asociacións (aplicación orzamentaria: I302.413.A..481.0)

Solicitante	Título proxecto	Resultado	Importe (en €)
Comité Cidadán Antisida da Coruña Casco V-15279219	Prevenición da infección por VIH na poboación nova e adolescente.	Aprobada	4.165,00
	Prevenición e información sobre VIH e outras ITS en profesionais da prostitución.	Aprobada	4.887,50
	Prevenición da infección por VIH na poboación bisexual e homosexual.	Aprobada	4.207,50
	Prevenición da sida e educación para a saúde entre a poboación inmigrante.	Aprobada	4.760,00
	Mulleres.	Aprobada	1.593,75
	Obradoiro de consumo de menos risco e prevención de sobre-dose.	Aprobada	4.058,75
	Prevenición de sida en transeúntes.	Aprobada	4.632,50
	Programa de prevención do VIH no piso de acollida CASCO.	Aprobada	4.930,00
	Prevenición da infección por VIH e outras enfermidades infecciosas en UDVP.	Aprobada	4.611,25
	Programa de intervención en prisións.	Aprobada	3.995,00
Comité Cidadán Antisida de Lugo G-27138221	Prevenición da infección por VIH/sida e atención integral dirixidas a persoas que padecen VIH/sida e o seu contorno.	Aprobada	4.420,00
	Grupo de axuda mutua- G.A.M.- loitando contra o estigma.	Aprobada	4.526,25
	Prevenición da infección por VIH/sida e outras ETS dirixido a mulleres.	Aprobada	4.058,75
	Prevenición da infección por VIH/sida en UDI. Atención integral.	Aprobada	3.846,25
	Prevenición da infección por VIH e outras ETS: estratexias de intervención no ámbito da prostitución.	Aprobada	4.738,75
	VIHVE con dereitos.	Aprobada	4.250,00
Lazos Pro Solidariedade G-15546021	Aprender a VIH/VIR- A educación por pares. 2009.	Aprobada	3.995,00
	Achegamento á redución do dano en UDI e formación.	Aprobada	4.377,50
	Prevenición de riscos e redución de danos en UDI.	Aprobada	3.421,25
	Sexo máis seguro 2009.	Aprobada	4.930,00

Solicitante	Título proxecto	Resultado	Importe (en €)	Solicitante	Título proxecto	Resultado	Importe (en €)
Comité Cidadán Antisida de Ourense G-32169609	Intercambio de xiringas en usuarios de drogas por vía parenteral, unidade móbil de educación sanitaria e consumo hixiénico.	Aprobada	4.228,75	Cruz Vermella Española Q-2866001-G	Proxecto educativo para a prevención do VIH/sida e outras enfermidades transmisibles.	Aprobada	2.677,50
Comité Cidadán Antisida de Ourense G-32169609	Educación en uso máis seguro e prevención de sobredose en usuarios de drogas por vía parenteral.	Aprobada	3.888,75		Proxecto de intercambio de xiringas e de acción continuada no medio comunitario.	Aprobada	1.763,75
	Proxecto de prevención e asesoramento en VIH/sida en traballadoras do sexo e clientes de prostitución.	Aprobada	4.101,25		Prevención e información para a poboación inmigrante da transmisión do VIH/sida e outras ETS.	Aprobada	1.742,50
	Intervención en VIH/sida, atención personalizada, <i>counselling</i> (grupo de autoapoio) no C. P. do Pereiro de Aguiar.	Aprobada	5.248,75		Prevención e información do VIH/sida e outras ETS para drogodependentes.	Aprobada	1.891,25
	Investigación, prevención e asesoramento sobre VIH/sida con poboación reclusa inmigrante.	Aprobada	4.143,75		Prevención e atención do VIH/sida no centro penitenciario de Bonxe.	Denegada	0
	Prevención e educación para a saúde en centros tutelares de menores.	Aprobada	3.761,25		Prevención e información do VIH/sida e outras ETS para persoas sen fogar.	Aprobada	1.721,25
	Prevención e educación para a saúde na poboación xeral.	Aprobada	3.740,00	Asociación Orensana de Ayuda al Toxicómano. ATOX G-32106429	Prevención e atención de enfermidades relacionadas coa drogadicción VIH 2009.	Aprobada	1.011,50
	Educación, prevención e asesoramento sobre VIH/sida a homosexuais.	Aprobada	3.825,00	Asociación Lucense de Información e Axuda ao Drogodependente (ALIAD) G-27021120	Proxecto de intervención de afectados de VIH/sida nos centros penitenciarios de Monterroso.	Aprobada	1.742,50
	Educación e prevención para a saúde na casa de acollida de enfermos de VIH/sida.	Aprobada	4.611,25	Asociación Antonio Noche G-15210388	Intervención en poboación con condutas de alto risco para a infección por hepatite e VIH/sida 2009.	Aprobada	2.422,50
	Investigación, prevención e asesoramento en VIH/sida a inmigrantes, traballadores do sexo.	Aprobada	4.611,25	Asociación cidadá de loita contra a droga Alborada G-36624963	Programa de redución de riscos en usuarios de drogas: prevención da transmisión sexual por vía parenteral do VIH, desde o programa de drogodependencias Alborada (ACLAD). Obradoiros de sexo máis seguro e inxección máis segura-consumo de menos risco-	Aprobada	446,25
Comité Cidadán Galego Antisida V-15227895	Prevención-intervención comunitaria en VIH/sida.	Aprobada	3.591,25	Asociación cidadá de loita contra a droga Alborada G-36624963	14ª Fase do estudo epidemiolóxico sobre a infección do VIH en pacientes drogodependentes (incidencia, prevalencia, taxa de mortalidade e supervivencia e outros factores asociados á inxección), período 1982-2009.	Aprobada	1.041,25
	Prevención de VIH e ITS en poboación inmigrante.	Aprobada	2.443,75		Programa de prevención do VIH en centros escolares e nos espazos urbanos de ocio nocturno na cidade de Vigo (zonas de botellón, marcha, discoteca tecno, <i>after hours</i> ...) 2009.	Aprobada	1.168,75
	Móvete.	Aprobada	2.953,75		Prevención do VIH en menores internados en centros de tutela 2009.	Aprobada	488,75
	Prevención de VIH e ITS en HSH.	Aprobada	2.720,00		Programa de formación de axentes de saúde entre pacientes drogodependentes, para a prevención da transmisión do VIH. (Curso de formación e programa de Bola de neve) 2009.	Aprobada	595,00
	Mozos/as: previr o VIH e ITS é posible.	Aprobada	3.442,50		Programa de prevención da transmisión do VIH, en internos do centro penitenciario de A Lama (Pontevedra), mediante a participación en obradoiros de sexo máis seguro e de consumo de menos risco.	Aprobada	552,50
	Prevención de VIH/sida en usuarios de drogas.	Aprobada	2.762,50		Programa de prevención da transmisión do VIH entre os colectivos de inmigrantes da cidade de Vigo, mediante a participación en obradoiros de sexo máis seguro (2009).	Aprobada	425,00
	Prevención de VIH e ITS en mulleres.	Aprobada	2.698,75	Asociación Antidroga Renacer G-15281611	A nosa arma: a información.	Aprobada	1.423,75
	Próbate.	Aprobada	2.295,00	Asociación Antidroga Vieiro G-15346315	Prevención do VIH/sida e fomento de hábitos saudables en Carballo.	Aprobada	722,50
	Prevención de VIH e ITS en persoas que exercen a prostitución.	Aprobada	3.187,50	Chisem G-15797426	Programa de prevención VIH/sida e outras ETS: obradoiro de sexo máis seguro para adolescentes.	Denegada	0
CCANVIHAR G-36306504	Saíndo do armario 2009.	Aprobada	3.357,50				
	Intervención na poboación xeral: prevención VIH/sida e ITS 2009.	Denegada	0				
	Todos iguais, todos diferentes 2009.	Aprobada	3.421,25				
	Intervención nas PVVS: prevención VIH/sida e ITS 2009.	Aprobada	3.251,25				
	Intervención en UDIs: prevención VIH/sida e ITS 2009.	Aprobada	3.166,25				
	Rulando amodiño 2009.	Aprobada	3.208,75				
	Compartindo 2009.	Aprobada	3.230,00				
	En feminino 2009.	Aprobada	3.230,00				
	Movéndonos 2009.	Aprobada	3.378,75				
	Desde abaixo 2009.	Denegada	0				
Cáritas Diocesana Santiago R-1500053-B	Información e vida 2009.	Aprobada	3.846,25				
	A prevención.	Aprobada	4.377,50				
	Cóidate. Obradoiro extraescolar para mozos/as.	Aprobada	2.125,00				
	Prevención do VIH/sida no colectivo de mulleres que exercen a prostitución Vagalume.	Aprobada	2.911,25				
Cáritas Diocesana Ourense R-3200098-F	Prevención VIH/sida e outras ETS en prostitución 2009.	Aprobada	1.827,50				
Cáritas Diocesana Tui-Vigo R-3600368-I	Proxecto de axuda a domicilio.	Aprobada	1.487,50				
Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) R-1500092-J	Beirarrúa-Proxecto de rúa para a prevención VIH/sida e ITS.	Aprobada	4.420,00				

Solicitante	Título proxecto	Resultado	Importe (en €)
<i>Asociación Érguete Baixo Miño</i> G-36124279	Prevenção da infección polo VIH na poboación adolescente e na mocidade.	Aprobada	340,00
	Prevenção da infección polo VIH e outras enfermidades infecciosas en UDI.	Aprobada	1.296,25
<i>Asociación Galega para a saúde sexual</i> AGASEX G-15969678	Programa de educación e consello asistido de intervención continuada para mozos en prevención de VIH/sida.	Aprobada	1.062,50
<i>Asociación O Grove Érguete</i> G-36053890	Proxecto de intervención, accións preventivas e sensibilización/información comunitaria VIH/sida.	Aprobada	1.211,25
<i>Asociación Madro</i> G-36750651	Obradoiros de educación para a saúde no centro penitenciario de A Lama e CIS de Vigo.	Denegada	0
	Curso axentes de saúde en centros penitenciarios de A Lama e CIS de Vigo.	Aprobada	1.721,25
ASUT-Ourense G-32283400	Obradoiro de uso máis seguro de drogas e prevención de sobredose.	Aprobada	573,75
	Recolle.	Aprobada	1.083,75
	Intercambio de xiringas para os fins de semana e días festivos.	Aprobada	1.445,00
	Obradoiro de sexo máis seguro para mulleres profesionais do sexo.	Aprobada	510,00
ONG Viraventos G-70136429	<i>Ruer moy dunda.</i>	Denegada	0
<i>Asociación Rexurdir Provincial</i> G-36208387	Curso de prevención e prácticas de risco.	Denegada	0
AEXPA (Asociación del Centro San Pablo) J-32197584	I Congreso interdisciplinar da sida.	Denegada	0
<i>Asociación Colectivo Moucho</i> G-15716301	Prevenção de riscos e redución de danos en UDI.	Aprobada	3.442,50
	PIX de achegamento e educación para a saúde a UDI en A Coruña 2009.	Aprobada	4.696,25
<i>Fase de Encontro</i> G-15438955	Programa de prevención dirixido a familiares de enfermos de VIH.	Denegada	0
	Programa de actuación de soporte psíquico do afectado e o seu medio.	Denegada	0
	Actividades de formación do persoal que realice a súa actividade no campo do VIH.	Denegada	0
<i>Fundación Érguete-Integración</i> G-36861078	Educación para a saúde e autonomía persoal dirixida aos usuarios do programa SISIFO.	Aprobada	3.421,25
Médicos del Mundo-Galicia G-79408852	CEREDA	Aprobada	4.420,00
<i>Asociación Xogais</i> G-36917037	O ceo pode esperar. Con condón.	Denegada	0
<i>Asociación Ecos do Sur</i> G-15354483	Investigación Componentes sociais do VIH/sida.	Aprobada	3.336,25
Equus Zebra G-15790876	Programa de sensibilización e prevención sobre o VIH/sida na poboación inmigrante de A Coruña.	Aprobada	2.133,50
Down Pontevedra Xuntos. <i>Asociación Síndrome de Down</i> G-36164887	Obradoiro de información e divulgación sobre VIH/sida.	Denegada	0
<i>Asociación ALAR GALICIA</i> G-15775901	Proxecto augamar.	Denegada	0
<i>Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector</i> G-15784978	Estudo perceptivo do VIH/sida.	Aprobada	1.232,50

Corporacións locais (aplicación orzamentaria: 1302.413.A..460.0)

Solicitante	Título proxecto	Resultado	Importe (en €)
Concello de Abegondo P-1500100-A	Proxecto de información e prevención de condutas de risco e de enfermidades de transmisión sexual.	Aprobada	339,15

Solicitante	Título proxecto	Resultado	Importe (en €)
Concello de Arteixo P-1500500-B	Decide sen riscos.	Aprobada	1.227,40
Concello de Cangas P-3600800-A	Programa de prevención do VIH/SIDA.	Aprobada	872,10
Concello de Carral P-1502100-I	Prevenção do VIH/sida en Carral.	Aprobada	613,70
Concello de Catoira P-3601000-G	Muller e hábitos sexuais saudables.	Aprobada	823,65
	Prevenção VIH nos obradoiros de emprego.	Aprobada	468,35
	Programa dirixido a adolescentes Ten sexo con seso.	Aprobada	436,05
Concello de Culleredo P-1503100-H	Proxecto comunitario de información, divulgación e prevención do VIH/sida coas mulleres de Culleredo.	Aprobada	904,40
Concello de Frades P-1503900-A	Mocidade con preservativos.	Aprobada	306,85
Concello de Lugo P-2702800-J	Non sei SI DÁ.	Aprobada	678,30
Concello de Marín P-3602600-C	Mediación xuvenil en educación para a saúde.	Denegada	0
	Campaña facilitación de medios preventivos.	Aprobada	613,70
	Xornadas de prevención nos centros educativos.	Aprobada	452,20
Concello de Melide P-1504700D	Proxecto educativo de prevención do VIH entre a xuventude do Concello de Melide.	Aprobada	436,05
Concello de Mesía P-1504800-B	Concienciatt.	Aprobada	355,30
Concello de Noia P-1505800-A	Proxecto de prevención da infección polo VIH.	Aprobada	791,35
Concello do Grove P-3602200-B	Sexualidade e sida, cousa de todos/as 2009.	Aprobada	1.082,05
Concello de Ourense P-2703800-I	Muller e sida: prevención e sexo seguro.	Aprobada	387,60
Concello de Poio P-3604100-B	Programa de intercambio de xiringas Nas túas mans.	Aprobada	1.813,80
Concello de Ponte Caldelas P-3604300-H	Obradoiro de información e prevención de infeccións de transmisión sexual.	Aprobada	274,55
	Prevenção educación afectivo-sexual para mocidade -2prox.	Aprobada	274,55
Concello de Porto do Son P-1507200-B	Dobre acción anti VIH/sida 2009.	Aprobada	888,25
Concello de Rábade P-2705600-A	Amplía as túas miras, infórmate sobre a sida.	Aprobada	694,45
Concello de Ribadumia P-3604600-A	Proxecto de prevención de enfermidades de transmisión sexual-sida, no colectivo da muller.	Aprobada	355,30
Concello de Santiago UMAD-Santiago P-1507900-G	Programa prevención VIH/sida Kamelamos guinar dirixido ao colectivo específico de xitanos e xitanas.	Aprobada	855,95
	Programas de rúa ou de achegamento con participación de usuarios ou ex-usuarios de drogas: Bola de neve.	Aprobada	791,35
	Programa de prevención de VIH/sida dirixido a usuarios e ex-usuarios de drogas: Obradoiro de sexo máis seguro e Obradoiro de consumo de menos risco.	Aprobada	597,55
	Programa de prevención de VIH/sida dirixido ao centro tutelar de menores Centro de Educación Especial O Pedroso: sexo máis seguro.	Aprobada	516,80
	Programa de prevención de VIH/sida dirixido a adolescentes en situación de risco: Obradoiro de sexo máis seguro.	Aprobada	549,10
Concello de Silleda P-3605200-I	Coñecer é previr.	Aprobada	403,75
Concello de Soutomaior P-3605300-G	O punto de información e asesoramento afectivo-sexual.	Aprobada	791,35
Concello de Trazo P-1508700-J	SIDA, saber axuda!	Aprobada	969,00
Concello de Tui P-3605500-B	Actividades de formación-prevenção do VIH/SIDA.	Aprobada	436,05

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 26 de agosto de 2009 pola que se homologa o contrato tipo de compravenda de uva para a súa transformación en viño da denominación de orixe Rías Baixas para as campañas 2009, 2010 e 2011.

Advertidos dous erros no texto da citada orde, publicada no DOG número 173, do 3 de setembro de 2009, é necesario realizar a oportuna corrección.

Na páxina 14.325, na columna da esquerda, no primeiro parágrafo, onde di:

«...Asociación Empresarios Bodegueros Rías Baixas...».

Debe dicir:

«...Asociación Empresarios Marca Rías Baixas...».

Na páxina 14.326, na columna da esquerda, na terceira fila da primeira táboa, onde di:

«11,1».

Debe dicir:

«11,2».

INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA

Resolución do 5 de agosto de 2009 de delegación de funcións na directora deste instituto.

O artigo 4º do Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), establece que os órganos de goberno do instituto son o Consello de Dirección, a Presidencia, a Vicepresidencia e a Dirección, e precisa a continuación as funcións que lle corresponden a cada órgano.

Polo que atinxe o presidente, que é por razón do seu cargo o conselleiro competente en materia de agricultura, o artigo 8º precisa as súas funcións e, entre elas, o punto 3.d) do dito artigo sinala a de ser o órgano de contratación do instituto, correspondéndolle a facultade de subscribir convenios e contratos, sen prexuízo do establecido na letra d) do artigo 6º no relativo ás competencias do consello de dirección nesta materia (autorización de contratos por importe superior a 60.000 €).

A concentración de funcións no titular da consellería do Medio Rural aconsella que aquela función do artigo 8.3º d) sexa obxecto de delegación.

Na normativa orgánica do instituto a facultade do presidente para delegar as funcións que ten atribuídas no director do Ingacal recóllese no artigo 8.4º do

Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que, facendo uso da facultade conferida,

DISPOÑO:

Primeiro.-Delegar na directora do Instituto Galego da Calidade Alimentaria a facultade da Presidencia prevista no artigo 8.3º d) do Decreto 259/2006, de ser o órgano de contratación do instituto, correspondéndolle, polo tanto, a facultade de subscribir convenios e contratos ata un máximo de 60.000 €.

Segundo.-As resolucións que se adopten facendo uso da delegación contida nesta resolución farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo presidente do Ingacal.

Terceiro.-En calquera momento, o presidente do Ingacal poderá reclamar o exercicio das competencias que son delegadas por esta resolución. Do mesmo xeito, esta delegación será revogable en calquera momento.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Presidente do Instituto Galego da Calidade Alimentaria

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

Orde do 10 de setembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria de provisión, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde do 20 de xullo de 2009.

Por Orde do 20 de xullo de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 149, do 31 de xullo, convocouse a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Facenda que se detalla no anexo desta.

De conformidade co establecido nos artigos 17.4º e 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, que aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e demais normativa vixente, esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública efectuada por orde desta consellería do 20 de xullo de 2009 e designar o funcionario, cuxos datos se sinalan no anexo desta orde, para ocupar o posto que tamén se especifica.

Segundo.-O cesamento no actual destino efectuarase, segundo o previsto no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para tomar posesión do novo destino é de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde preste servizos actualmente a persoa, ou dun mes se radica en distinta localidade ou de se tratar de reingreso ao servizo activo, de conformidade co disposto no referido precepto e na base sétima da convocatoria.

O cómputo dos prazos de toma de posesión iniciárase cando rematen os permisos ou licenzas que, de ser o caso, se concedesen á persoa; no caso de incapacidade temporal, a partir da data de alta.

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro onde cause baixa a funcionaria ou funcionario, así como a daquel en que acade o destino, efectuarán, dentro dos prazos sinalados no punto anterior, as dilixencias de cesamento e de toma de posesión e, a seguir, realizaranse os trámites para a súa alta en nómina.

Das dilixencias efectuadas remitirase copia á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Datos do funcionario:

Nome e apelidos: Manuel Mateo Díaz.

Corpo ou escala: superior da Administración da Xunta de Galicia, escala superior de estatísticos.

NRP: 3332227246 A2083.

Subgrupo: A1.

Datos do posto de traballo:

Denominación: Subdirección Xeral de Produción Estatística.

Nivel: 30.

Código do posto: FCA010000315770001.

Centro directivo ou dependencia: Instituto Galego de Estatística.

Localidade: Santiago de Compostela.

Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se modifica a composición do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de auxiliar de informática.

Unha vez presentada a renuncia polo vogal titular do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de auxiliar de informática, convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 21 de novembro de 2008 (DOG número 234, do 2 de decembro), e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

Aceptar a renuncia presentada por Juan Manuel Gómez Duaso como vogal titular do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de auxiliar de informática, pasa a ocupar o seu lugar o vogal suplente Juan Víctor Rodríguez Aros.

Nomear no seu lugar como novo vogal suplente do dito tribunal a Fernando Suárez Lorenzo.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 1 de setembro de 2009 pola que se convoca concurso público para a provisión de prazas de profesor contratado doutor (CD929).

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007 do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante LOU, e no Decreto 266/2002, do 6 de setembro (DOG do 17 de decembro), da Xunta de Galicia sobre contratación de profesorado universitario e a teor do establecido nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados por Decreto 421/2003, do 13 de novembro (BOE do 14 de xaneiro de 2004) da Xunta de Galicia,

Esta reitoría, no uso das competencias recoñecidas pola LOU, resolveu convocar a concurso a praza que figura no anexo I desta resolución, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

Primeira.-*Normas xerais.*

Este concurso rexeráse pola LOU, polo Decreto 266/2002, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante Lei 30/1992), os estatutos da Universidade de Vigo, polo Regulamento de profesorado da Universidade de Vigo aprobado polo Consello de Goberno o 14 de xuño de 2005 e pola normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e do procedemento de selección de profesorado contratado doutor con vinculación permanente na Universidade de Vigo aprobada polo Consello de Goberno o 8 de outubro de 2008.

Segunda.-*Requisitos dos/as candidatos/as.*

2.1. Para ser admitido/a á realización destas probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os requisitos exixidos nestas bases na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a toma de posesión:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados a que, en virtude de tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que se atopa definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se prevexa nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Os nacionais de estados distintos dos apuntados anteriormente poderán tamén participar nos concursos e seren contratados sempre que se atopen legalmente en España, e dispoñan do documento que os habilite para residir e acceder sen limitacións ao mercado de traballo.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación de doutor/a. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como profesor/a de universidade.

d) Acreditar a avaliación positiva pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. Os funcionarios/as dos corpos docentes universitarios e os/as candidatos/as que se atopen habilitados para estes resultarán admitidos nos termos e condicións establecidos na Resolución da Dirección Xeral de Universidades do 18 de febreiro de 2005 (BOE do 4 de marzo).

e) Ter aboado as taxas por dereitos de exame.

f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atopar-

se en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos. Os/as aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar non estaren inhabilitados ou en situación equivalente nin ter sido sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas correspondentes á praza.

Terceira.-*Solicitudes.*

3.1. As solicitudes para participar no concurso axustaranse ao modelo que figura como anexo II a esta convocatoria e dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992.

3.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral (edificio Xerencia-Servizos Centrais, Campus Universitario, 36310-Vigo), ou nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra, Campus de Ourense e r/ Torrecedeira, nº 86 de Vigo), ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992. As solicitudes no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

Os dereitos de exame serán de 40,54 euros e ingresarán na conta corrente número 2091-0501-64-3110000201, *Caixa Galicia*, OP-Vigo. Universidade de Vigo. Taxas. O pagamento realizarase directamente nas oficinas da citada entidade, utilizando para iso exclusivamente o impreso de solicitude (anexo II) ou mediante transferencia bancaria en que deberá constar obrigatoriamente o nome e apelidos do/a interesado/a, código, categoría e área da praza a que concursa. En ningún caso a mera presentación da solicitude e o pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude ante o órgano expresado na base 3.1.

Os dereitos de exame serán reintegrados de oficio aos aspirantes que sexan excluídos definitivamente da realización das probas selectivas ou cando as probas non se realicen, sempre que cubrisen os datos bancarios necesarios para facer a devolución.

3.3. Coa instancia achegaranse necesariamente os seguintes documentos, e será causa de exclusión a falta dalgún deles:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade; os/as aspirantes que non posúan nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado con que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar separados de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Fotocopia do título de doutor/a; cando corresponda, deberá acompañarse da credencial de homologación ou recoñecemento profesional.

c) Fotocopia da credencial da avaliación positiva da súa actividade docente e investigadora expedida pola axencia ou órgano de avaliación competente. Os funcionarios dos corpos docentes universitarios deberán presentar certificación de servizos prestados acreditativa de tal condición e os candidatos que se atopen habilitados copia da credencial que o acredite.

d) Xustificante de pagamento das taxas de exame. Estarán exentas de pagamento as persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que acompañando a súa solicitude presenten os certificados que a acrediten.

3.4. Os erros de feito que se puidesen advertir poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou por petición do interesado. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes, e unicamente poderán demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 3.1. para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza, excepto causa excepcional sobrevida, xustificada e discrecionalmente apreciada pola universidade.

Cuarta.-Admisión de aspirantes.

4.1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o reitor da Universidade de Vigo ditará unha resolución que aprobe a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, que será publicada no taboleiro de anuncios do rexistro xeral da Universidade de Vigo, que servirá de notificación aos/ás interesados/as para todos os efectos, e a título divulgativo nos taboleiros de anuncios dos seus rexistros auxiliares e no enderezo de internet: <http://www.uvigo.es/servicios/pdi> premendo na epígrafe de *emprego*.

4.2. Contra a devandita resolución os/as interesados/as poderán presentar reclamación ante o reitor, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación. Resoltas as devanditas reclamacións publicarase nos mesmos lugares a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Quinta.-Comisión de selección.

5.1. De acordo co que establece o artigo 83 dos estatutos da Universidade de Vigo, a composición da comisión é a que figura no anexo III desta convocatoria e terá a categoría primeira das recollidas no artigo 30 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Salvo petición noutro sentido e autorizada, terá a súa sede e actuará no centro en que teña a súa sede o departamento a que se adscriba a praza convocada.

5.2. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciábel, salvo cando concorra causa xustificada, debidamente alegada polo/a interesado/a e así apreciada por esta reitoría. Os membros da comisión deberán absterse de actuar e os/as interesados/as

poderán recusalos nos casos e polos motivos previstos no artigo 28 da Lei 30/1992. Resolta a renuncia, a abstención ou a recusación, os afectados serán substituídos polos seus respectivos suplentes, no seu defecto, por orde correlativa e en último caso resolverá o reitor.

5.3. A comisión deberá constituírse no prazo dun mes desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos/as. Transcorrido o prazo sen que se constituíse, o reitor procederá á substitución do/a presidente/a titular.

5.4. O/a presidente/a titular convocará por escrito aos membros titulares e, se é o caso suplentes, cunha antelación mínima de dez días hábiles, e fixará o lugar, a data e a hora para proceder ao acto de constitución da comisión. No devandito acto, a comisión establecerá e fará públicos, antes do acto de presentación dos/as candidatos/as, os criterios de valoración do concurso adecuados ao perfil de cada praza.

5.5. A constitución da comisión exixirá a asistencia da totalidade dos seus membros. Os membros titulares que non concorresen a este acto cesarán e serán substituídos polos seus respectivos suplentes. Unha vez constituída a comisión, en caso de ausencia do/da presidente/a este será substituído polo/a catedrático/a de universidade con maior antigüidade que teña recoñecidos, polo menos, dous tramos de investigación.

5.6. Para que a comisión poida actuar validamente requirirase a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros entre os que figurarán obrigatoriamente o/a presidente/a e o/a secretario/a. Os membros da comisión que estivesen ausentes da proba cesarán en tal condición, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen incurrir, e serán substituídos polo membro suplente que corresponda. Ao/Á secretario/a de cada comisión corresponderanlle as actuacións administrativas e a xestión económica propias da comisión, auxiliado polo persoal de administración e servizos do centro en que teña a súa sede.

5.7. Durante o desenvolvemento do concurso, a comisión resolverá as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que proceda nos casos non previstos nelas. En todo momento a súa actuación axustarase ao disposto na Lei 30/1992.

Sexta.-Acto de presentación e proba.

6.1. O/a presidente/a da comisión convocará os/as concursantes ao acto de presentación cunha antelación mínima de dez días hábiles, indicando o lugar e a hora para realizar o acto de presentación.

6.2. No acto de presentación que será público, os/as concursantes entregarán por sextuplicado o *curriculum vitae* en que detallarán os seus méritos, historial académico docente e investigador, así como o seu proxecto docente e investigador adecuado ao perfil do concurso, tamén por sextuplicado. Ademais, entregarán un exemplar das publicacións e dos documentos acreditativos do consignado neste, con independencia de que a comisión poida solicitar documentación complementaria acreditativa orixi-

nal ou compulsada. O *curriculum vitae* deberá axustarse ao modelo que se achega como anexo IV.

6.3. Neste mesmo acto determinarase, mediante sorteo, a orde de actuación dos/as candidatos/as e a comisión fixará e publicará o lugar, a data e a hora de comezo da proba, a cal deberá iniciarse no prazo máximo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao acto de presentación. Igualmente, fixará o prazo durante o cal os candidatos poderán examinar a documentación presentada polos restantes concursantes.

6.4. A comisión non valorará os méritos que sendo alegados polos/as aspirantes no *curriculum vitae* non estean debidamente xustificadas e sempre referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

6.5. Os concursos realizaranse nas dependencias da Universidade de Vigo. Constarán dunha única proba que será pública e que consistirá na exposición oral, durante un tempo mínimo de trinta minutos e máximo de dúas horas, dos méritos e historial académico docente e investigador, así como do proxecto docente e investigador presentado. A continuación, a comisión debaterá co/a candidato/a durante un tempo máximo de dúas horas sobre os seus méritos, o seu proxecto docente e investigador e a adecuación destes ao perfil da praza obxecto do concurso.

6.6. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao/a presidente/a un informe razoado, axustado aos criterios previamente fixados de cada un dos concursantes, con expresión explícita de voto favorable ou desfavorable.

6.7. Para superar a proba é necesario obter, polo menos, tres votos favorables dos membros da comisión. De non obter ningún candidato polo menos tres votos favorables, o proceso poderá concluír coa proposta de non provisión, que deberá ser suficientemente motivada.

6.8. A proposta de provisión de prazas realizarase con base nos votos favorables recibidos dos membros da comisión. En caso de empate recorrerase á votación, sen que sexa posible a abstención. De persistir o empate, dirimirá o voto do/a presidente/a.

Sétima.-Proposta, presentación de documentos e formalización de contratos.

7.1. A comisión elevará ao reitor, motivadamente e con carácter vinculante, a relación de todos/as os/as candidatos/as que superasen a proba por orde de preferencia, para o nomeamento dun número deles/as que non exceda o número de prazas convocadas a concurso. A comisión poderá propor a non provisión da praza xustificando esta decisión. Este acordo publicarse no centro onde se realice a proba e servirá de notificación aos/ás interesados/as para todos os efectos. O tempo transcorrido entre a publicación da convocatoria e a resolución do concurso non poderá exceder os catro meses. Para estes efectos, o mes de agosto considerarase inhábil.

7.2. No prazo dos tres días hábiles seguintes ao de finalización da súa actuación, o/a secretario/a da

comisión entregará no Servizo de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo a documentación completa relativa ás súas actuacións e un exemplar da documentación presentada por cada concursante, a cal, unha vez finalizado e firme o proceso do concurso, poderáselles devolver se así o solicitan.

7.3. Os/as candidatos/as propostos/as para a provisión das prazas deberán presentar no prazo dos vinte días naturais seguintes ao de finalizar a actuación da comisión, nos lugares e conforme o procedemento previsto na base 3.2., os seguintes documentos:

a) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado/a de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións docentes e asistenciais.

Os/as concursantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impidan, no seu Estado, o acceso á función pública segundo o establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro (*Boletín Oficial del Estado* do 24 de decembro).

b) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que o incapacite para o desempeño das funcións correspondentes a profesor/a de universidade.

c) Declaración de non estar afectado de incompatibilidade.

7.4. O reitor da Universidade de Vigo efectuará o nomeamento como profesor/a contratado/a doutor/a dos/as candidatos/as propostos/as pola comisión, unha vez que acrediten en prazo a documentación requirida; de non facelo, o reitor procederá, se é o caso, ao nomeamento do/a seguinte candidato/a na orde proposta.

7.5. O nomeamento especificará a denominación da praza, categoría e área de coñecemento, e remitirase para a súa publicación ao *Diario Oficial de Galicia*.

7.6. No prazo máximo de vinte días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*, formalizarase a contratación do/a candidato/a proposto/a. A sinatura do contrato ten carácter persoal e intransferible. No caso de que o/a interesado/a non asine no prazo sinalado sen autorización expresa considerarase que renuncia á praza e poderase proceder ao nomeamento do/a seguinte candidato/a na orde prevista na base 7.1.

7.7. O contrato terá duración indefinida e a xornada de traballo será a fixada con carácter xeral para os corpos docentes universitarios. O período de proba será de 6 meses, e considerarase superado sempre que non conste obxección expresa contraria dentro dese prazo.

7.8. As referencias a necesidades e obrigas docentes e ao centro de adscrición que poida conter a convocatoria non suporán para o adxudicatario da praza

dereito de vinculación exclusiva a tal actividade docente e destino.

7.9. O contrato estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. O seu incumprimento será causa de extinción do contrato.

Oitava.-*Comisión de reclamacións.*

8.1. Contra a proposta da comisión, os/as candidatos/as admitidos/as ao concurso poderán presentar reclamación ante o reitor da Universidade de Vigo, no prazo máximo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación no lugar de realización da proba. Admitida a trámite a reclamación, suspenderase o nomeamento ata a súa resolución definitiva.

8.2. As reclamacións que se presenten anunciaranse no taboleiro de anuncios do rexistro xeral da Universidade de Vigo, publicación que servirá de notificación para todos os efectos. Os/As interesados/as disporán dun prazo de 10 días naturais para formular alegacións contra o contido da reclamación.

8.3. As reclamacións serán valoradas pola comisión de reclamacións da Universidade de Vigo que examinará o expediente relativo ao concurso, valorará os aspectos puramente procedementais e verificará o efectivo respecto, por parte da comisión de selección, da igualdade de condicións dos candidatos e dos principios de mérito e de capacidade destes no procedemento do concurso de acceso. Resolverá no prazo máximo de tres meses, ratificando ou non a proposta reclamada. Neste último caso, retrotraerase o expediente ata o momento en que se produciu o vicio, e a comisión de selección deberá formular nova proposta, tras o que o reitor ditará a resolución de acordo coa proposta da comisión de reclamacións.

8.4. As resolucións do reitor a que se refire o punto anterior deste artigo esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.-*Norma final.*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderase interpor recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da devandita publicación, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 1 de setembro de 2009.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo

ANEXO I

Código: CD929.

Nº de prazas: 1.

Categoría: profesor/a contratado/a doutor/a.

Área de coñecemento: 560-enxeñaría telemática.

Departamento: T13-Enxeñaría Telemática.

Actividade docente e investigadora: redes de comunicacións.

ANEXO II
Solicitud de participación

DATOS DA CONVOCATORIA	
Código da praza: CD929	Corpo docente: profesor/a contratado/a doutor/a
Área de coñecemento: 560-enxeñaría telemática	Centro: 305-ETSE Telecomunicación-Vigo
Departamento: T13-Enxeñaría Telemática	
Actividades asignadas á praza: redes de comunicación	

DATOS PERSOAIS E PROFESIONAIS		
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data de nacemento	Lugar de nacemento	Provincia de nacemento
		NIF
Enderezo/Lugar para os efectos de notificacións		Código postal
Municipio	Provincia	Enderezo electrónico e teléfono
No caso de ser funcionario/a público de carreira:		
Denominación do corpo ou praza	Organismo	Data de ingreso
		Número rexistro persoal
Situación:	Activo:	Servizos especiais:
	Excedente voluntario:	Outras:
De proceder a devolución das taxas, indique os 20 díxitos da súa conta:		
□□□□-□□□□-□□□□-□□□□-□□□□		

A persoa que asina abaixo
SOLICITA: ser admitido/a ao concurso da praza referenciada e comprométese, no caso de superalo, a formular o xuramento ou promesa de acordo co establecido no Real decreto 707/1979, do 5 de abril; e,
DECLARA: que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude, que reúne as condicións exixidas na convocatoria anteriormente referida, e todas as necesarias para o acceso á función pública.
..... de de 200

(sinatura)

REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Este impreso non será válido sen o selo ou impresión mecánica da oficina bancaria.

Ingresos en conta: nº 2091.0501-64-3110000201
Caixa Galiziana, C.P.- Vigo, Universidade de Vigo, Taxas.

Importe: 40,54 euros

ANEXO III
Comisión de selección (praza CD922)

Cargo	Nome e apelidos	Corpo	Universidade
		Comisión titular	
Presidente	Joan Vinyes i Sanz	Catedrático de universidade	Universidade Politécnica de Madrid
Secretario	Cándido López García	Prof. titular de universidade	Universidade de Vigo
Vogal primeira	Rebeca P. Díaz Redondo	Prof. titular de universidade	Universidade de Vigo
Vogal segunda	Ana Fernández Vilas	Prof. titular de universidade	Universidade de Vigo
Vogal terceiro	Manuel Fernández Veiga	Prof. titular de universidade	Universidade de Vigo
		Comisión suplente	
Presidente	Enrique Vázquez Gallo	Catedrático de universidade	Universidade Politécnica de Madrid
Secretaria	María Calderón Pastor	Prof. titular de universidade	Universidade Carlos III de Madrid
Vogal primeiro	Raúl F. Rodríguez Rubio	Prof. titular de universidade	Universidade de Vigo
Vogal segundo	José C. López Ardao	Prof. titular de universidade	Universidade de Vigo
Vogal terceira	Mª Celeste Campo Vázquez	Prof. titular de universidade	Universidade Carlos III de Madrid

ANEXO IV
Curriculum vitae

-Datos persoais:

Apelidos e nome.

NIF.

Data, localidade e provincia de nacemento.

Enderezo, localidade e provincia de residencia.

Teléfono e enderezo electrónico.

Categoría actual como profesor/a, centro, departamento e área de docencia actual.

-Datos académicos:

1. Títulos académicos: clase, organismo e centro expedidor, data, cualificación, se a houberse.

2. Postos docentes desempeñados: categoría, organismo ou centro, réxime de dedicación, data de nomeamento ou contrato, data de cesamento.

3. Actividade docente desempeñada.

4. Actividade investigadora desempeñada.

5. Publicacións de libros e monografías: autor ou coautor/es, título, editor, editorial, data (de estar pendente de publicación, xustifíquese a aceptación polo consello editorial).

6. Traballos científicos publicados en revistas españolas ou estranxeiras: autor ou coautor/es, título, revista, volume, páxina, data (de estar pendente de publicación, xustifíquese a aceptación polo consello editorial).

7. Outras publicacións.

8. Outros traballos de investigación.

9. Proxectos de investigación subvencionados.

10. Comunicacións e relatorios presentados a congresos: título, organizador, carácter nacional ou internacional, lugar, data.

11. Patentes.

12. Cursos e seminarios impartidos: centro, organismo, materia, actividade desenvolta, data.

13. Cursos e seminarios recibidos: centro, organismo, materia, data.

14. Bolsas, axudas e premios recibidos (posteriores á licenciatura).

15. Actividade en empresas e profesión libre.

16. Outros méritos docentes ou de investigación.

17. Outros méritos.

18. Cargos de xestión desempeñados: cargo, centro, período.

19. Dilixencia de referendo do currículo.

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA**

**XULGADO DE PRIMEIRA
INSTANCIA E INSTRUCCIÓN
NÚMERO UN DO CARBALLIÑO**

Edicto (104/2007).

No xuízo de referencia ditouse a resolución cuxo encabezamento e decisión son do teor literal seguinte:

«Sentenza 98/2008.

O Carballiño, un de decembro de dous mil oito.

Vistos por min, Ana María Gómez Bande, xuíza titular do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous de Ponteareas, estes autos do divorcio contencioso con número 107 do ano 2007, é parte demandante Cristina Pinheiro Fernández,

representada polo procurador sr. Rúa Sobrino e asistida polo letrado sr. Perea Fernández, e demandado Manuel Fandiño Mojo, en situación de rebeldía procesual, coa intervención do Ministerio Fiscal. Constan nas actuacións as súas circunstancias persoais.

Resolvo estimar a demanda interposta por Cristina Pinheiro Fernández, representada polo procurador sr. Rúa Sobrino e asistida polo letrado sr. Perea Fernández e como demandado Manuel Fandiño Mojo, en situación de rebeldía procesual, e coa intervención do Ministerio Fiscal, decreto:

O divorcio entre os cónxuxes con todos os efectos legais inherentes.

A patria potestade da filla será compartida por ambos os dous pais e a nai terá a súa garda e custodia.

O pai poderá estar coa súa filla os sábados alternos desde as 16.00 horas ata as 18.00 horas e deberá recollela e reintegrála ao domicilio materno.

O pai deberá aboar en concepto de alimentos a cantidade de 200 euros mensuais, cantidade que deberá ingresar os sete primeiros días de cada mes na conta que a nai habilite para o efecto e que se actualizará cada 1 de xaneiro segundo o IPC.

O pai deberá aboar en concepto de pensión compensatoria a cantidade de 150 euros mensuais, cantidade que deberá ingresar os sete primeiros días de cada mes na conta que a nai habilite para o efecto e que se actualizará cada 1 de xaneiro segundo o IPC.

Non se fai pronunciamento sobre as custas.

